

VENRES 26 DE XULLO

17:00 Horas. XOGOS POPULARES

Na Carballeira de Campenlos gozaremos de xogos populares, tiro con arco, lasertag...

21:00 Horas. INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN MULLERES RURAIS "CAPACES DE TODO"

No Edificio Multiusos, a **Asociación Mulleres Rurais de Moraña** presentará unha mostra con máis de 15 técnicas distintas; restauración, reciclaxe ou vellas tradicións poñerán en valor a Expocarneiro 2024.

21:30 Horas. VERBENA SINFÓNICA

Na Carballeira de Santa Lucía, a **Banda de Música Nova Lira de Moraña** organiza este concerto no que actuará acompañada do cantante Antonio Barros.

23:00 Horas. VERBENA

Coa actuación de:

Saudade La Última Legión

SÁBADO 27 DE XULLO

11:00 Horas. FESTA DA BICICLETA

A Carballeira de Santa Lucía será o lugar de encontro de todas as persoas, grandes e pequenos, que queirades acompañarnos a dar un paseo en bicicleta. Primeiro percorrерemos as rúas do núcleo urbano acompañados da **Banda de Música Nova Lira de Moraña**, para logo visitar distintos lugares do noso Concello. Habrá camisetas para todos os que participedes e sortearemos algún que outro agasallo.

23:00 Horas. VERBENA

Coas actuacións de:

**Panorama Gran Parada
Discomóvil Euphoria Disco**

DOMINGO 28 DE XULLO

11:00 Horas. ANIMACIÓN DE RÚA A cargo da Charanga OS ENCERELLADOS

14:00 Horas. ASIGNACIÓN DE LOTES

14:30 Horas. EXTRAORDINARIO XANTAR DO CARNEIRO Ó ESPETO Sobremesa amenizada pola Charanga OS ENCERELLADOS.

20:00 Horas. Actuación de **Roi Casal**

22:30 Horas. REMATE DAS FESTAS

Coas actuacións de:

Grupo América La Duendeneta

LV Festa do Carneiro Espeto® Moraña

DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO

Do 4 ao 28 de Xullo

Programa 2024

Colaboran



Organiza



www.festadocarneirooespeto.com

XOVES 4 DE XULLO

12:00 Horas. INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN "NÓS TAMÉN FOMOS EMIGRANTES"

No Multiusos inauguraremos a exposición cedida pola Obra Social Abanca que estará aberta do 4 de xullo ao 18 de agosto.

SÁBADO 6 DE XULLO

11:00 Horas. FEIRA DE ARTESANÍA

Na Carballeira de Santa Lucía, feira con gran diversidade de artesáns de Moraña e outros concellos galegos. Ás **12:30** sesión vermú con actuación musical. Ás **19:00 h.** desfile de moda a cargo da empresa morañesa With Love Entredós. A partir das **21:00 h.** degustación gratuíta de paella a cargo do chef **Miguel Mosteiro** e actuación de **Diana Tarín Dúo**.

DOMINGO 7 DE XULLO

09:00 Horas. III BTT CARNEIRO Ó ESPETO-ANDAINA

Na explanada, a carón do Multiusos, será a saída da **III BTT Carneiro ó Espeto**, que percorrerá varias parroquias do concello. Paralelamente tamén realizaremos unha andaina, outra maneira de coñecer a nosa contorna.

Financia: Deputación de Pontevedra, con cargo ao Plan + Provincia 2024. Liña 2.

19:30 Horas. CERTAME DE CORAIS

Organizado pola Coral Voces Amigas de Moraña, no Edificio Multiusos teremos o certame de corais coa actuación da Coral de Poio, Coral Valdarrosa de Ponte Caldelas e a Coral Voces Amigas de Moraña.



LUNS 8 DE XULLO

20:00 Horas. OBRADOIRO DE PINTURA EN VIDRO

Para persoas maiores de 18 anos. Serán tres sesións, (os días 8, 10 e 15) e hai límite de prazas. Inscribirse na Biblioteca.

VENRES 12 DE XULLO

21:30 Horas. ESPÉTALLE UN PINCHO - Degustación Gastronómica de Carneiro

Un ano máis, na Carballeira de Santa Lucía poderemos degustar as distintas maneiras de preparar o carneiro que nos ofrecerán os bares e restaurantes participantes. A velada estará amenizada coa actuación de **Pablo Balseiro e os Cascarillas**.

SÁBADO 13 DE XULLO

09:00 Horas. EXPOSICIÓN MONOGRÁFICAS

Exposicións monográficas dos Clubes de Beagle, Beagle Harrier, Asociación Sabueso Español, Sabueso Porcelana, Grifón Nivernais, Basset Club, Club Español Azul de Gascurña, Gascón Saintongeois e Ariegeois. **Organizada pola Asociación Amigos do Acibal na Carballeira de Santa Xusta ata ás 17:00h.**

DOMINGO 14 DE XULLO

09:00 Horas. I EXPOSICIÓN DE CANS DE CAZA CARNEIRO Ó ESPETO

Exposición de cans de caza na Carballeira de Santa Xusta ata ás 14:00h. Haberá colchonetas e toro mecánico para a rapazada, simuladores de tiro e stands artesanais. **Organizada pola Asociación Amigos do Acibal.**

MÉRCORES 17 DE XULLO

12:00 Horas. TINTA DO MAR. CONTACONTOS ILUSTRADO

No Multiusos teremos un contacontos musical ilustrado sobre Luísa Villalta a cargo de Polo Correo do Vento. **Actividade financiada pola Deputación de Pontevedra.**



XOVES 18 DE XULLO

21:00 Horas. CONCERTO DE VERÁN

No patrio traseiro da Casa de Cultura os nenos e nenas da Escola de Música Municipal de Moraña deleitarannos cun concerto no que tocarán pezas instrumentais e vocais de estilo variado.

SÁBADO 20 DE XULLO

22:30 Horas. CARNAVERÁN

Na explanada, a carón do Multiusos, teremos a actuación de diversos DJ autonómicos e nacionais.

DOMINGO 21 DE XULLO

10:30 Horas. X CARREIRA CARNEIRO Ó ESPETO

Actividade financiada pola Deputación de Pontevedra, con cargo ao Plan + Provincia 2024. Liña 2. Organizada en colaboración cos clubs de atletismo +9 Moraña e Moraña en Ruta. Saída da Rúa 5 de Santa Lucía.

17:00 Horas. FINAIS DO TORNEO INTERPARROQUIAL DE FÚTBOL

No Campo de Fútbol de O Buelo terá lugar o **III Torneo Interparroquial de Fútbol**, organizado polo Moraña C.F. O torneo disputarase os días 19 e 20, sendo a final o domingo 21 ás 19:00 horas.

22:00 Horas. TEATRO

No Multiusos, o grupo **Chumpá Teatro** da **Asociación Escola Artística de Cuntis** representaranos a obra **Sombras na noite**. Espectáculo recomendado para maiores de 12 anos.

LUNS 22 DE XULLO

16:30 Horas. FESTA ACUÁTICA

Na Piscina Municipal gozaremos dunha divertida tarde con inchables, actividades acuáticas...

22:30 Horas. CINE NA RÚA

Na explanada do Multiusos proxectaremos unha divertida comedia apta para todos os públicos.

MARTES 23 DE XULLO

20:00 Horas. TEATRO INFANTIL - Patio Traseiro Casa da Cultura

O Furgón Utópico traeranos a obra "De Vilalegre a Vilatriste" baixo a dirección artística de Teatro o Cubo, para celebrar o 40º aniversario do Centro Dramático Galego, obra que percorrerá máis de 100 concellos de Galicia....

MÉRCORES 24 DE XULLO

20:00 Horas. FESTA INFANTIL - Patio Traseiro Casa da Cultura

Tarde divertida de baile e xogos amenizada polo DJ **Javi Solla**. Ademais teremos cócteles saudables para refrescarvos entre baile e baile.

23:00 Horas. FESTA HOLI - Patio Traseiro Casa da Cultura

A partir das 23:00 horas será o turno da xuventude de 12 a 17 anos.

Música con DJ e cócteles sen alcohol.

Para a festa holi é imprescindible inscribirse na Biblioteca. Prazas limitadas.

